

Boletín Informativo

MARZO
2009

SECURITAS

VIXIANTE
DE TE
SEGURIDADE

BOLETIN N°

BOLETIN N°

Confederación Intersindical Galega

EN MEMORIA CARLOS BREY

“Benquerido Carlos, te recordaremos sempre”

O pasado 22 de marzo, finou o noso compañeiro e amigo Carlos Brey, a consecuencia dunha indisposición cun fatal desenlace.

Brey, criticado por algúns pero querido por tantos, nunca te deixaba indiferente. Os que te coñecemos sabemos da túa implicación nos proxectos onde estabas inmerso. O proxecto sindical que coa túa axuda creamos, podes ter a tranquilidade que levaremos a bó fin, acadando o obxectivo final. É duro pasar este trance, pero o teu recordo danos a forza para continuar, con mais ansia e compromiso, con todos aqueles compañeiros e compañeiras que o precise, como ti facías e do que tanto aprendimos.

Benquerido amigo, sempre estarás connosco, descansa en paz e ata sempre.

ELECCIÓNS SINDICAIS 2009

Dende a **CIG** queremos agradecer a vosa participación no proceso electoral celebrado no pasado mes de marzo, en **Securitas**, no que foron elixidos os que serán os representantes dos/as traballadores/as desta delegación, no comité de empresa, para os vindeiros catro anos.

Froito destas eleccións, o novo comité de empresa queda configurado da seguinte maneira:

- UGT: 7 delegados/as.
- **CIG: 5 delegados/as.**
- CCOO: 1 delegado

De xeito que por parte da **CIG**, os vosos representantes son os seguintes compañeiros/as:

- Pedro Pérez Caride
- Fructuoso Carballo Álvarez
- Marta Calvo López
- Ramón López López
- Benito López Pazos

Estes cinco compañeiros/as, recollen o testemuño do traballo feito, e renovan o compromiso de servizo ós traballadores quedando á vosa disposición para calquera problema ou dúbida que teñades e, como non, tentar mellorar as condicións laborais de tódolos traballadores/as desta delegación.

BOLETÍN INFORMATIVO

Nesta nova xeira, a CIG vai continuar informándovos, a través dos xa coñecidos boletíns informativos, de todas aquelas novas do voso interese tanto no tocante á nosa empresa como ó noso sector. **Como podedes ver, na CIG seguimos sendo fieis á nosa palabra.**

REUNIÓN DO COMITÉ

O pasado día 16 de abril tivo lugar na empresa unha reunión do comité na que estiveron presentes o xerente D. Antonio López e o xefe de servizos D. Eloi González, quedando fixada a data para outra reunión que se celebrou o día 24 de abril e na que tamén se atopaba presente o xefe de servizos D. Javier Domínguez. Nestas dúas reunións tratáronse os seguintes temas:

MINUTO DE SILENCIO

Ó comezo da reunión do 16 de abril, gardouse un respectuoso e emocionado minuto de silencio en homenaxe ó noso compañeiro e amigo finado recentemente, Carlos Brey, ó que xamais esqueceremos.

APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Os membros presentes que pertenceran o anterior comité de empresa, proceden a asinar e aprobar a acta da reunión do pasado mes de Decembro de 2008

SANCIONS E AMONESTACIÓNS

Neste afastado a empresa declara que non houbo novidades, agás unha amoestación verbal aclaratoria, da que da conta a este comité.

COMISIÓN DE CADRANTES

A **CIG**, fai entrega tanto á empresa, coma ós outros sindicatos dun borrador coas normas de regulamentación da comisión de cadrantes, sobre o que poder comezar a traballar e discutir, e unha vez acordado, poder presentalo en asemblea a todos/as os/as traballadores/as para a súa aprobación.

CRA CAIXANOVA

Fáiselle entrega á empresa, dun escrito das tres centrais sindicais con representatividade no comité, no que se lle informa das pésimas condicións nas que os/as compañeiros/as deben desenvolver o seu traballo e na que se lle recomenda a actualización do Manual de Funcionamento Operativo e dun protocolo de actuación , por escrito, para a xestión das diferentes alarmas que se produzan. Con estas medidas evitárase que os compañeiros/as se atopen “vendidos/as”, como xa ten acontecido, en varias ocasións nos últimos tempos.

TAFISA GRUPO LAR

Preguntase polo futuro do servizo, manifestando a empresa que non existen novidades ata o momento.

AS LAGOAS

A empresa informa ó comité de que xa solucionou as anomalías deste servizo, arranxou a escaleira, e habilitou casetas e vestiarios para homes e mulleres e informou de que a limpeza se está a realizar.

SERVIZO DE ROLDAS

Infórmase á empresa de que os traballadores teñen que facer, na quenda de día, 13 horas seguidas de servizo. Ante isto o xefe de servizos Javier Domínguez di que xa falou cos vixiantes que fan esa xornada, e que eles están de acordo, xa que fan unha parada de hora e media ou dúas horas ó mediodía para comer, polo que entenden que a xornada queda partida. Ante a suxerencia de incrementar unha hora o servizo de noite para aliviar a carga horaria do servizo de día, Javier Domínguez di que non e posíbel por motivo da operativa.

Dende a **CIG** faise fincapé na excesiva carga de traballo que hai neste servizo nas rutas de noite e informamos de que hai rutas que se atopan saturadas e que son

de imposible realización. O xerente di que non existe dita saturación, polo que o convidamos a facer algunha destas rutas con nós, suxerencia que en principio o xerente desestima. Dende o comité se lle di á empresa que esta situación vai en detrimento do servizo, xa que necesariamente ó longo da xornada teñen que quedar roldas sen facer, ó que o xerente responde que algúns traballadores, hai días que saen antes da hora, polo que el entende que están todas as roldas feitas. Ó pedirlle o comité que se nos faga entrega da operativa para poder estudar os tempos, e poder facernos unha idea de cal pode ser o xeito de mellorar o servizo, negándose a empresa a entregala, o considerar que non ten obriga de facelo, dicindo que aínda nunca se sancionou a ninguén por deixar roldas sen facer, e que xa entregará a operativa, no caso de que se produza unha sanción por estes motivos.

SAMPER

Na reunión do 16 de abril, informouse de que os/as compañeiros/as, deste servizo, son pechados dentro do mesmo ata o día seguinte. A empresa di que xa informou ó servizo de roldas de que se lles entregara unha copia da chave. Na reunión do día 24, a empresa informa que o problema xa está resolto, e que a situación se produciu por un malentendido á hora de transmitir as ordes ó servizo de roldas.

VIGOZOO

A empresa informa de que xa modificou o Manual de Funcionamento Operativo deste servizo. Tamén informa de que o feito de que os/as operarios/as do zoo, gardaran os cambios de moedas no armeiro, tratouse dun feito puntual que non se vai volver repetir.

TELEFONICA FRAGOSIÑO

Na reunión do día 16 de abril, a empresa di descoñecer as novas ordes de servizo postas no manual de Telefónica, estando xa posto ó día para a reunión do día 24.

O comité informa á empresa de que considera que manter as persianas da garita subidas toda a noite, é prexudicial para o servizo, xa que o/a vixiante pode ser controlado en todos os seus movementos dende fora das instalacións.

ESCALAFÓN

O xerente entrega ó comité o listado de persoal da empresa a data 16.04.2009. Ante as ausencias no mesmo, de xente tan “importante” como o xefe de servizos Eloi González, ou o propio xerente, este di que pertencen ó escalafón de Ourense, o cal non ten obriga de entregarnos.

FORMACIÓN

A este respecto a empresa di que se vai facer un curso no mes de maio, para 40 ou 50 vixiantes, aínda que non lembra o nome do curso nin na reunión do 16 nin na do 24.

Por parte do comité se lle lembra que ten que ter en conta a xente que aínda non fixo ningún curso, tendo estes prioridade sobre os que xa recibiron formación, e que as 20 horas de formación obrigatorias anuais son para o 100% do persoal, téndose que executar dita formación para a totalidade dos traballadores/as, independentemente da quenda en que se traballe.

UNIFORMIDADE

A empresa declara que está agardando a chegada de roupa e material.

LISTAXE DE TRABALLADORES A CÓMPUTO ANUAL

Solicítaselle á empresa a listaxe dos traballadores que están a cómputo anual, quedando o xefe de servizos Javier Domínguez, de entregala na vindeira reunión. Lémbraleselle que o feito de estar a cómputo anual non xustifica que estes traballadores/as teñan meses de duascenas e pico horas, como tampouco o de envialos a completar xornada a servizos de dúas ou catro horas, xa que senón non se respectaría o descanso anual compensatorio, asemade, os traballadores 5º e 10º dos servizos de 24 horas, que xa teñen que estar a cómputo anual, segundo o acordo do calendario laboral, deben completar a súa xornada en servizos cunha xornada de oito horas.

EXERCICIO DE TIRO

A empresa comunícanos que o primeiro exercicio de tiro obrigatorio para este ano está programado para os días 27 e 28 de abril e para o día 12 de maio en

horarios de mañá ás 09:45 e de tarde ás 15:45. Quedando pendente outro día de incidencias para os que non puideran ir nestas datas.

Dende o comité comunicámoslle que 3 días para facer o exercicio de tiro, son escasos, polo que a empresa comprométese a aumentar outro día máis de tiro, ademais do día de incidencias.

VARIOS

No apartado de varios tratáronse os seguintes asuntos:

- Pregúntaselle ó xerente polo organigrama da empresa, informándonos que dende o 1 de xaneiro, a empresa divídese en dous, según a actividade:

- Retail (Seguridade en Centros Comerciais e comercios) cos mandos:

- Xefe de Servizos: Eloi González Vázquez.

- Inspector: Juan Chapela Iglesias.

- Resto de servizos:

- Xefe de Servizos: Javier Domínguez Fernández.

- Inspectora: Valentina Alonso Alonso.

Recoméndaselle á empresa que envíe unha circular informando deste feito a todos os servizos, dicir que os mandos intermedios poden exercer as súas funcións en calquera servizo.

- Solicítaselle a empresa que aboe o plus de radioscopia a todo o persoal que o empregue no servizo.

- A empresa comunica ó comité que nomeou un xefe de equipo para o servizo das Lagoas.

- A empresa informa ó comité da próxima implantación nalgúns servizos dun rexistro telefónico de control de presenza no servizo do vixiante.

- A empresa queda pendente de entregar ó comité a relación de empresas que teñen convenio con Securitas que supoñen vantaxes e descontos para os/as traballadores/as.

- Dende a derradeira reunión do comité producíronse as seguintes altas e baixas de servizos:

- Altas:

- Centro Comercial Travesía (Vigo)

- Ampliación a 24 horas de Conservas Peña (Vilagarcía de Arousa)

- Baixas:

- Aínda que a empresa recoñece que se produciron algúns recortes, non especificou en qué servizos.

- Chámase a atención á empresa polo exceso de horas extras que veñen facendo algúns traballadores sen que sexa por motivos de forza maior.

- Chámase a atención á empresa pola carencia de horas suficientes de aprendizaxe para os/as traballadores/as que teñen que desenvolver novos servizos. Polo que se solicita que antes de asignar as horas de aprendizaxe, se faga unha valoración de ditos servizos, téndose que pagar as mesmas. A empresa considera que as horas de aprendizaxe son suficientes, e que se aboan aos traballadores/as que as realizan.

- Chámase a atención á empresa ó respecto dos servizos esporádicos onde practicamente se deixa “tirado” ó/a vixiante, sen ningún tipo de instrución ou premisa. A empresa di que dun tempo a esta parte os/as vixiantes están a ser acompañados/as por un/ha inspector/a cando hai que montar un servizo novo.

- Chámase a atención á empresa por non enviar os cadrantes corrixidos ó finalizar o mes, contestando a isto o xefe de servizos Javier Domínguez, que non o fai “porque lle da moito traballo”, pero que non ten ningún problema en entregarllo a quen llo solicite persoalmente.

- Pregúntaselle á empresa, se está a dar o día de asuntos propios a todo aquel que o solicita, contestando ésta, que non está a poñer ningún tipo de impedimento ó respecto.

- Chámase a atención á empresa pola actitude dalgún mando intermedio á hora de tratar cos traballadores/as. Lembráveslle que están a tratar con persoas, e que non poder ter actitudes ameazantes e prepotentes. Comprométense a gardar as formas e ser máis respectuosos. De non ser así, dende a CIG, teremos que tomar as medidas oportunas.

- Remata a reunión quedando fixada a data para a seguinte no día 24 de xuño do 2009.

NEGOCIACIÓN CONVENIO COLECTIVO



Dende a **CIG** entendemos que temos que continuar deste xeito, coas mobilizacións levadas a cabo nas últimas semanas, seguir incidindo na acción sindical sen descanso, cada vez con máis insistencia e forza, xa que, “tan só iso pode levarnos a desbloquear as negociacións, dada a actitude da prepotencia e soberbia que atopamos neste patronal.

A pretensión da patronal de conxelar os salarios durante os dous próximos anos, a pesar dos beneficios millonarios das empresas e de estar prevista unha media de subida nos contratos dos clientes para este ano “por riba do 3,5%, que non se repercute nos salarios dos traballadores/as”, é un insulto para o sector, está demostrado que en momentos de crise económica este sector non se resinte senón que todo o contrario existe mais demanda, xa que crece a inseguridade, polo tanto a crise que a paguen as empresas dos seus beneficios millonarios, que en tempo de bonanza económica estiveron enchéndose os petos, sen acordarse do seu persoal.



Entre as melloras demandadas polos traballadores/as atópase a petición dun aumento do salario, reducir a xornada laboral anual, o incremento de medidas sociais, a non mobilidade dos traballadores, xa que é habitual que as empresas os cambien dun centro a outro porque así llo permite o convenio estatal, e a equiparación do plus de perigosidade entre todos os traballadores/as. Estas condicións entre outras son irrenunciábeis para a **CIG** e que defenderemos hasta o último momento, non podemos pasar por menos, xa que o contrario sería renunciar a condicións mínimas para mellorar a nosa situación laboral.

Para isto, temos que concienciarnos que non queda outra forma de conseguilo que a través da acción sindical, polo que debemos participar en todas as manifestacións, concentracións e outras accións que se convoquen.

A LOITA CONTINÚA POR UN CONVENIO DIGNO E CON DEREITOS

EXITO DA MANIFESTACIÓN DA CIG DO 1º DE MAIO

Como en anos anteriores a manifestación da **CIG**, foi a mais numerosa en Vigo, mais de 12.000 manifestantes saíron a rúa para apoiar as reivindicacións propostas.

Polo emprego, dereitos e prestacións

A intensidade coa que se está a producir a crise do capitalismo, está provocando de xeito acelerado a destrución de miles de empregos na Galiza. As empresas aproveitan a caída da actividade para impoñer despedimentos baratos do persoal con contratos fixos por medio de ERE. Mentres isto sucede a CEOE e Institucións Públicas como o Banco de España reclaman reformas estruturais nos dereitos do traballo, diminución dos salarios e recortes nas coberturas e prestacións sociais.

As respostas do Goberno Español en perfecta sintonía coa doutrina do neoliberalismo, pasa por conceder miles de millóns de euros do diñeiro público ó capital financeiro especulativo, responsable da crise, e destinar axudas a sectores industriais sen comprometer e condicionar o mantemento do emprego. Non debemos esquecer que o beneficio empresarial nos dez últimos anos no estado español foi superior ao 70%, dúas veces maior que a media Europea. O reparto da riqueza creada concentrouse nas mans dos mais ricos. Todo isto ao tempo que en Galiza superamos os 200 mil parados/as, continua o derrame incesante de regulacións de emprego e peches de empresas e a negociación dos Convenios está paralizada interesadamente polos empresarios.

Dende a **CIG** nestes últimos meses temos mobilizado diferentes sectores na defensa do emprego, manifestando como organización, a urxencia por unha necesaria resposta da clase traballadora que obrigue medidas extraordinarias de alcance político. A reactivación da economía coa creación dunha banca Pública, tamén en Galiza, que non permita o estrangulamento do sistema produtivo; a protección dos desempregados e daqueles/as que xa non teñen ingresos por medio dun salario de reinserción laboral, unha fiscalidade progresiva na que paguen mais os mais ricos, ampliar os sistemas de protección social básicos (saúde, pensións, atención a situacións de dependencia e discriminación, etc.) o desenvolvemento de infraestruturas e actividades económicas que se baseen na protección do medio ambiente e potenciar a soberanía alimentar... ou sexa avanzar cara un novo modelo económico e social, que comprometa a soberanía do pobo galego e o socialismo do século XXI.

**POR UN NOVO MODELO
ECONÓMICO E SOCIAL**



"Coa forza dos traballadores das traballadoras"

Representantes dos traballadores da CIG no Comité de Empresa:

| | |
|-----------------------------------|--------------------|
| Pedro Pérez Caride | 646 690 810 |
| Fructuoso Carballo Álvarez | 666 085 437 |
| Marta Calvo López | 690 624 982 |
| Ramón López López | 626 473 681 |
| Benito López Pazos | 636 494 888 |

Os nosos locais:

GREGORIO ESPINO (Doblada), 47
Centraliña Comarca 986-82-79-00

36205 – VIGO

PASANTERIA, 1 (Baixo)

Telefone 986-85-29-50

36002 PONTEVEDRA

FEDERACIÓN DE SERVIZOS:

Teléfono 986- 82-79-44/45

Enderezo Electrónico

cig.securitas.vigo@telefonica.net

secionsindical@cigsecuritasvigo.com

Páxina web: www.cigsecuritasvigo.com